

PREVIO MESA

No preámbulo só se fala do carácter profesional destas ensinanzas non facendo mención ningunha á formación integral das persoas. É obvia e necesaria a orientación profesional destas ensinanzas, mais isto non pode esquecer que antes que traballadoras e traballadores somos cidadáns e calquera etapa educativa non debe esquecer esta formación polo que nos gustaría que se incluíra esta idea.

Aínda é máis necesaria esta formación integral cando se pode prever un impulso no acceso a esta formación de alumnado procedentes dos PCPIs, o cal pode acceder con 15 anos sen rematar o ensino obrigatorio.

Os currículos que se nos presentan son traducións literais dos títulos e currículos que para os mesmos establece o Ministerio. Somos conscientes de que eses dous documentos son a base sobre a que deseñar estes currículos pero tamén e certo que son documentos de mínimos. Esta Administracións ten competencias para facer as melloras necesarias para que os mesmos se adapten as condicións socioeconómicas do noso país e a vista dos contidos isto non se esta facendo. Solicitamos que a ratio máxima de alumnado sexa de 20 e non 30. A CONSELLERÍA INDICA QUE CERTOS CICLOS, POLA PERIGOSIDADE DAS SÚA PRÁCTICAS, XA TEÑEN UNHA RATIO DE 22.

ARTICULADO

Disposición adicional

Quinta.- Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto.

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas deste ciclo formativo esixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Disposición transitoria

Única.- Centros privados con autorización para impartir ciclos formativos de formación profesional.

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 73/2005, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en industria alimentaria entenderase referida ás ensinanzas reguladas neste decreto.

Se ven o Decreto 114/2010 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional, recolle no artigo 27 que centros privados poden impartir este tipo de ensinanzas, dende o STEG consideramos que non se pode seguir desviando diñeiro público a empresa privada. Para o STEG sempre, máis en tempos de crise, como o actual, faise máis necesario que nunca que os investimentos públicos se gasten no público e se evite o despilfarro que supón a dobre rede.

Este ano nas probas de acceso a ciclos superiores están matriculados máis de 13000 persoas, polo que se debe incrementar o número de prazas en centros públicos e non desviar persoal e recursos para a privada. NON CONTESTAN.

CS Sistemas electrotécnicos e automatizados

Anexo VI Organización dos módulos profesionais

O módulo MP0519 Documentación técnica en instalacións eléctricas debería ser impartido en 1º xa que os seus contidos son base para o desenvolvemento doutros módulos. As unidades formativas que o compoñen: 1-debuxo



MESA SECTORIAL 15/04/2011

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

técnico aplicado a sistemas electrotécnicos e automatizados e 2- orzamentos e documentación técnica así o amosan. A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE SE TRASLADARA OS TÉCNICOS PARA QUE ESTUDEN ESTA POSIBILIDADE.

Rogos e preguntas

- Demandamos unha Mesa na que se negocie a oferta de ciclos para o curso 2011-2012. A publicación para este curso provocou moita incerteza xa que os propios centros se entearon de peche de ciclos por non estar na publicación da oferta. A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE SE ESTA ANALIZANDO A OFERTA EXISTENTE E QUE TEÑEN QUE VER COMO SE XESTIONA A IMPLANTACIÓN DOS NOVOS CURRÍCULOS LOE. PARA O PRÓXIMO CURSO TEREMOS 48 CICLOS LOE, XA QUE EN BREVE TRAERAN A MESA O DE CULTIVOS ACUICOLAS.

- Demandamos se traia a Mesa unha proposta de novos CIFP, en tempo e forma suficiente para que o profesorado afectado pola supresión do seu posto o coñeza con antelación e poida participar no CXT con todo os datos. (que non repitamos o procedemento da orde de peche dos bacharelatos nos CIFP). A ADMINISTRACIÓN RESPONDE HAI INTERES POR INCREMENTAR A OFERTA DESTE TIPO DE CENTROS E QUE ESTAN ESTUDANDO POSIBILIDADES, MÁIS NESTE MOMENTO NON HAI NINGUNHA DECISIÓN TOMADA. A PREGUNTA DE SI SE CREARIAN PARA O VINDEIRO CURSO 2011-12, INDICARON QUE NON ESTABA DECIDIDO.

- Demandamos que a Dirección Xeral de instrucións claras para que a inspección comprobe que o perfil das prazas solicitadas se corresponda co establecido nos currículos, en especial cando teñan coñecemento de que non sexa o axeitado. Temos varias queixas sobre este tema e, por exemplo, coa inspección de Vigo, consultada sobre prazas de interinos da especialidade 118 que se están a cubrir ca especialidade 117 indicamos que fai o que solicita o centro e que está disposto a implementar, de verificarse, se así non llelo indican dende a dirección xeral. A ADMINISTRACIÓN INDICA QUE SE POÑERA EN CONTACTO CON INSPECCIÓN DE VIGO PARA QUE SE VERIFIQUE E SE CORRIXA PARA O VINDEIRO CURSO.

- Ano tras ano vimos demandando o incremento de prazas nos centros públicos para que a oferta se equipare a demanda. Este ano volvemos constatar como máis de 2000 nenas e nenos de 3 anos non poden acceder a centros públicos, incrementando así os centros privados. NON CONTESTAN.